



A Illa de Arousa, a 20 de Febreiro de 2024

Estimado Presidente e Coordinadores de fútbol base :

Voltamos outro ano coma de costme a presentarvos e convidarvos a participar na **XIII Edición do Torneo de Fútbol Base " ILLA CUP "** que organiza ó Celtiga, F.C. na Illa de Arousa, nas categorías de **Alevín F8, Benxamin, Prebenxamin e Biberons**.

Torneo reconecido pola súa rigurosa organización, co terreo de xogo de herba natural preparado con esmero para o disfrute dos nenos, a súa exquisita carpa de comidas cun amplo menú elaborado insitu para todos os paladares a prezos populares e as actividades alternativas que ofrece o entorno do lugar coas súas praias de bandeira azul, ou mesmo as rutas a pé para o disfrute de todos os acompañantes e familiares.

En canto ó desenrolo dos torneos, éstos disputaranse nunha sola xornada por categoría (sábado ou domingo), e serán dirixidos por árbitros federados, sendo norma imprescindible que todos os xogadores inscritos no mesmo deberán dispoñer da súa correspondente ficha Federativa en vigor.

O tope máximo de equipos participantes por categoría será de 20, polo que lles pregamos a máxima dilixencia para reservar as prazas correspondentes nas distintas categorías.

Debido a alta demanda de solicitudes, en principio sólo inscribiremos a un equipo de cada club por categoría, quedando os demais en **RESERVA**.

Volveremos a dispoñer da carpa para comidas para equipos e acompañantes, na que se poderá reservar con anticipación os comensales. (a información detallada de menús, prezos e horarios para cada Club será informada con antelación suficiente).

Agasallarase a todos os xogadores cun picnic de benvida, haberá medallas aparte de trofeo para 8 equipos por categoría, coa excepción no caso dos Biberons, donde haberá medallas para todos os participantes.

O torneo celebraráse no campo Salvador Otero de herba natural e ó acceso para ó público xeral será **GRATUITO**.

-As datas de celebración de cada categoría serán as seguintes:

CATEGORIA BIBERON: Sábado 8 de Xuño

CATEGORIA BENXAMIN : Domingo 9 de Xuño

CATEGORIA PREBENXAMIN : Sábado 15 de Xuño

CATEGORIA ALEVIN F8 : Domingo 16 de Xuño

-Cómo axuda para os gastos de arbitraje, estableceuse unha cuota de inscrición para os Clubes de 20 € por equipo e categoría (excepto na categoría dos Biberons que será gratuita).

-Queda aberta a solicitude de **RESERVA** para a inscrición de equipos ata o **vindiero 20 de Maio**, collendose como referencia e orden de inscrición, ás fechas das solicitudes recibidas, ata completar os 20 equipos participantes por categoría.

-As reservas deberánse formular a través do enlace <https://www.celtigafutbolclub.com/illa-cup/> cumplimentando debidamente o formulario de inscrición.

-Para calquer duda ou información adicional, poden contactar nos seguintes números: **606050534** Alex Zels (Director do torneo), ou ó **605787439** Pichino (Coordinador do fútbol base).

Sin máis, e quedando á espera das súas noticias, reciban un cordial saúdo e aperta.